

A Comisión Europea propón novos dereitos para os consumidores e a prohibición do “branqueo ecolóxico”

19 Abr 2022

- O obxectivo é capacitalos para a transición ecolóxica e garantir que poidan tomar decisións informadas e respectuosas co medio ambiente cando compren produtos
- Os consumidores terán dereito a saber a duración prevista dos artigos e, no seu caso, como poden repararse, sendo tamén protexidos fronte a declaracións ambientais pouco fiables ou falsas

Cerceda, a 19 de abril de 2022.- A Comisión propuxo novos dereitos para os consumidores coa pretensión de capacitalos para a transición ecolóxica e garantir que poidan tomar decisións informadas e respectuosas co medio ambiente cando compren produtos.

Así, os consumidores terán dereito a saber a duración prevista dun produto e, no seu caso, como pode repararse. Tamén serán protexidos fronte a declaracións ambientais pouco fiables ou falsas, xa que se prohibirá o «branqueo ecolóxico» e as prácticas que os inducen a erro sobre a durabilidade dos artigos.

Se o produtor ofrece unha garantía comercial de durabilidade superior a dous anos, o vendedor debe facilitar esta información ao consumidor. No caso dos produtos que utilizan enerxía, deben informar igualmente cando os produtores non tiveran facilitado información algunha sobre unha garantía comercial de durabilidade.

Os vendedores tamén deben facilitar a información pertinente sobre as reparacións, como a puntuación de reparabilidade, a dispoñibilidade de pezas de recambio ou un manual de reparación. No caso dos dispositivos intelixentes e os contidos e servizos dixitais, é preceptivo informar sobre as actualizacións de software facilitadas polo produtor.

Os produtores e os vendedores decidirán a maneira máis axeitada de comunicar esa información aos consumidores, que pode ser na embalaxe ou na descrición do produto na súa web. En calquera caso, debe proporcionarse antes da compra e de forma clara e comprensible.

Respecto da prohibición de “branqueo ecolóxico”, amplíase a lista de características do produto sobre as que un comerciante non pode enganar aos consumidores co fin de incluír o impacto ambiental ou social, a durabilidade e a reparabilidade. Tamén se engaden novas prácticas consideradas enganosas tras unha avaliación caso por caso, como facer unha declaración ambiental sobre comportamentos ambientais futuros sen metas nin compromisos claros, obxectivos e verificables, e sen un sistema de supervisión independente.

NOVAS PRÁCTICAS NA “LISTA NEGRA”

Incorpóranse novas prácticas á lista actual (lista negra) daquelas catalogadas como desleais prohibidas. É o caso de omitir información sobre as características introducidas para limitar a durabilidade; facer declaracións ambientais xenéricas e vagas se non é posible demostrar un comportamento ambiental excelente dun produto ou dun comerciante; facer unha declaración ambiental sobre todo o produto, cando en realidade só afecta a un aspecto determinado deste; exhibir unha etiqueta de sustentabilidade voluntaria que non se base nun sistema de verificación por terceiros nin fose establecida por autoridades públicas; omitir información sobre a funcionalidade

limitada dun produto cando se utilizan bens funxibles, pezas de recambio ou accesorios non subministrados polo produtor orixinal.

Estas modificacións teñen por obxecto garantir a seguridade xurídica dos comerciantes, pero tamén facilitar a aplicación da lexislación nos casos de branqueo ecolóxico e de obsolescencia temperá dos produtos.

Ademais, ao garantir que as declaracións ambientais sexan xustas, os consumidores poderán elixir produtos que sexan realmente mellores para o medio ambiente que os dos competidores. Así se fomentará a competencia en favor de produtos máis sostibles desde o punto de vista ambiental e reducirase o impacto negativo no medio ambiente.

Fonte: Comisión Europea

Imaxe: Pixabay

Source URL: <https://www.sogama.gal/gl/noticia/comisi%C3%B3n-europea-prop%C3%B3n-novos-dereitos-para-os-consumidores-e-prohibici%C3%B3n-do-%E2%80%9Cbranqueo>